

**INFORMACIÓN PARA MAMÁS,  
PAPÁS E TITORES/AS LEGAIS DE  
PRIMEIRO DE PRIMARIA**

# USO DE ABALAR MÓBIL

- Descargade a aplicación ABALAR MÓBIL para recibir información e manter contacto co profesorado.
- Estará dispoñible o martes 8 de setembro pola tarde, ou o mércores 9 pola mañá.

# BENVIDOS AO COLE

A entrada do primeiro día farase de forma escalonada:

- Ata as 9:00 accederán ao cole os nen@s que veñan en bus.
- Ás 9:15 accederán os nen@s en pequenos grupos de alumnos polo portalón da entrada principal.
- Ás 9:30 accederán o resto dos nen@s polo portalón da entrada principal.

Recibiredes información a través do ABALAR MÓBIL para coñecer o voso horario.

Pregamos que entendades que nese momento non poderemos resolver dúbidas.

# RECEPCIÓN DE MATERIAL

Este curso traeremos ao cole o material de forma escalonada seguindo as indicacións que damos a continuación.

**IMPORTANTE:**

O PROTOCOLO RECOLLE QUE **TODOS** O MATERIAL DEBE ESTAR IDENTIFICADO CO NOME DO ALUMNO, TENDO EN CONTA QUE NON O PODEN COMPARTIR.

# XOVES DÍA 10

- Traerán o estoxo brando co material no seu interior, debidamente identificado: dous lápices, tesoiras, rotuladores borrables, afialapis con depósito, dúas gomas, as 12 ceras de cores e unha barra de pegamento.
- As dúas carpetas de gomas.
- Unha bolsa de conxelación tipo “zip”.


# VENRES DÍA 11

- Traerán a bolsa de tea co arquivador de dúas argolas e o paquete de toallinas hixiénicas.

# LUNS DÍA 14

Traerán a unidade de benvida, o primeiro libro do primeiro trimestre e o sobre do material manipulable.

(Se algunha familia non o ten dispoñible, deberá mandalo en canto poida).



# MATERIAL QUE QUEDA NA CASA

Polo momento o resto dos libros de texto quedarán na casa e cada especialista avisará cando deban traer o seu material.

Tamén manteredes gardados os libros de lectura (“Sapo y Sepo un año entero” e o “Calcetín amarelo”), os folios de cores, a plastilina e a libreta de dobre pauta ancha.



# MERENDA

- Procuren que as merendas sexan saudables e que traian unha botella reutilizable con auga, posto que non se poderá encher no cole.

# REUNIÓN INFORMATIVA

No prazo máis breve posible manteremos unha reunión vía telemática e informaremos do uso da Aula Virtual.

A través do Abalar Móbil recibiredes información.

**ESTADE ATENTOS SEMPRE AOS AVISOS DA PÁXINA WEB DO COLE.**

# VÉMONOS O DÍA 10

Verónica  
Boutureira,  
titora de 1ºA



Toñi Filgueiras,  
titora de 1ºB